



Carlos Neves

Agricultor e produtor de leite en Vila do Conde (Porto, Portugal)
Vicepresidente da Asociación dos Produtores de Leite de Portugal
(Aprolep)

Ataque ao castelo da agrogandería*

► DEBEMOS SER
TRANSPARENTES E ABERTOS,
PERO SEN A INXENUIDADE
QUE LLE PERMITA A UN
INFILTRADO COLLER UNHA
FOTO OU UNHA FRASE FÓRA
DE CONTEXTO, QUE PODE SER
USADA CONTRA NÓS

A agricultura foi o branco de ataques sucesivos nos medios de comunicación e redes sociais. Con todo, ocupados co traballo e colléndonos desprevidos, nós, agricultores, criadores de animais ou industria transformadora, imos escollendo entre ignorar ou reaccionar ante cada caso. Fomos máis reactivos que proactivos. En certa forma, adoptamos esa postura de loita de “defensa do castelo”, unha curiosa expresión que ouvín, noutro contexto, hai algúns meses.

Convén lembrar que “defender o castelo” ten aspectos positivos. Significa, en primeiro lugar, que somos nós os que estamos no castelo e temos o que desexan aqueles que nos atacan. Que será? Nuns casos, temos o mercado que os novos produtos (por exemplo, bebidas vexetais ou carne artificial) queren conquistar; noutros, porque o mercado e a cadea de valor non pagan un prezo xusto ao produtor, temos algunhas subvencións de Bruxelas que outros quererían recibir ou, simplemente, somos as últimas vítimas dos “xusticeiros” do Facebook, activistas urbanos que sempre tiveron a comida barata, segura e accesible no supermercado e agora viron un documental ou calquera cousa en Youtube, Facebook ou Instagram de alguén ao que seguen como líder dunha seita relixiosa, que substitúe a relixión que abandonaron ou nunca tiveron, pero que botan de menos.

Debemos entón quedar impávidos e serenos ante os ataques? É

prudente manter algunha serenidade para non perder a razón. Hai sempre xente tentando provocar un penalti, tentando facerse a vítima para gañar o debate.

Churchill avisou de que “se te detés a tirarlles pedras a todos os cans que ladran polo camiño, nunca chegarás ao teu destino”, pero o noso pobo di que “quen non sente non é fillo de boa xente” e Goebbels, ministro de propaganda de Hitler, xa dicía que “unha mentira repetida mil veces se converte en verdade”. Así, non responder ante ataques constantes pode levar á desmoralización e ao derrubamento das “murallas do castelo”.

Ás veces, o castelo parece cercado porque os ataques veñen de varios lados: do ambiental, do da saúde ou do ético; uns alegan que “a agricultura e a gandería contaminan o ambiente e causan alteracións climáticas”, outras veces din que “os alimentos actuais son prexudiciais para a saúde” e outras repiten que “os animais son explotados e vítimas de malos tratos inaceptables”. En cada un deses temas debemos identificar a que grupo pertencen esas persoas: son fanáticos, que xa o saben todo e inventan ou repiten medias verdades para levar “a auga ao seu muiño”... ou teñen dúbidas, preguntan, están dispostos a ouvir e poden ter algo que ensinarnos tamén? É un erro unilos a todos contra nós. Debemos responder a cada asunto de forma cientificamente fundamentada. Debemos ser transparentes

► TEMOS QUE TRABALLAR SEMPRE PARA MELLORAR O CASTELO, PARA QUE SEXA MÁIS XUSTO E SOSTIBLE DENDE OS PUNTOS DE VISTA ECONÓMICO, SOCIAL E AMBIENTAL

e abertos, pero sen a inxenuidade que lle permita a un infiltrado coller unha foto ou unha frase fóra de contexto, que pode ser usada contra nós. Debemos responder e comunicar regularmente, pero evitar o enfrontamento directo cos fanáticos, porque no enfrontamento directo imos darlle ao adversario unha importancia que non ten. Debemos convocar os nosos mellores, os nosos peritos, veterinarios, enxeñeiros, profesores universitarios... para responder os ataques máis violentos, como o do reitor da Universidade de Coímbra, que decidiu prohibir a carne de vaca nas súas cantinas.

O castelo da gandería é grande e ten moitas torres, murallas e recunchos. Ten cabalos e vacas, ovellas e porcos, cabras e abellas, peixes ou caracois, ten intensivo e extensivo, minifundio e latifundio, familiar e empresarial. Agora están baixo fogo as vacas, os porcos e a “gandería intensiva”, pero o obxectivo dos animalistas abolicionistas é alcanzar a “liberación total”, acabar con toda a cría de animais. Por iso, todos os sectores da gandería e os agricultores dos distintos países deben estar unidos, porque nos vai tocar a todos... Será unha cuestión de tempo.

O noso castelo merece respecto porque é moi vello, tan vello como a agricultura e a civilización, máis vello que os castelos das guerras entre Portugal e España. A domesticación de animais para obter carne, leite, ovos, mel... ten 10.000 anos de historia, pero durante miles de anos esa evolución era próxima a todos. Case todas as persoas criaban con agarimo e mataban con naturalidade as súas galiñas ou o seu porco, como aínda fan os poucos vellos que resisten no rural. Despois prohibiron a matanza doméstica debido ás enfermidades e agora acúsannos de querer escondelos nos matadoiros. Temos que comunicar para explicar o que se fai, como se fai, por que se fai e tamén percibir o que pretende o cidadán e consumidor.

Nós, que traballamos cultivando a terra, criando animais, reparando tractores ou investigando tratamentos para as plantas ou os

animais, xa temos un traballo moi importante, alimentar a humanidade. Non necesitamos estudar comunicación para pasar o día discutindo no Facebook, pero temos que saber o básico para responder as dúbidas sobre o noso traballo. As asociacións, cooperativas e industrias agroalimentarias teñen que facer esa comunicación profesional. Deben ser proactivos, anticipar as tendencias de consumo, coñecer as dúbidas dos consumidores e compartir esa información cos agricultores; “asaltar” por sorpresa os tiradores furtivos, se é necesario; denunciar as súas contradicións e os intereses agochados. O Estado debe exercer autoridade. Os tribunais deben responsabilizar e castigar a quen mente, a quen repite calumnias, invade propiedades ou instiga á violencia. E temos que traballar sempre para mellorar o castelo, para que sexa máis xusto e sostible dende os puntos de vista económico, social e ambiental, para formar parte da solución no combate contra o cambio climático, garantindo a seguridade alimentaria. Por tanto, se é un castelo, debe contribuír á supervivencia da poboación e á seguridade da nosa casa común. ■

*Texto adaptado do artigo orixinal publicado en www.agroportal.pt